

Xornada-presentación

INSTRUMENTO DE MEDICIÓN DE IMPACTO MEDIOAMBIENTAL ADAPTADO A ENTIDADES DO TERCEIRO SECTOR

21 de xullo, de 12 a 14 horas

Salón de actos da sede de
FADEMGA Plena inclusión Galicia.
Santiago de Compostela.

 **Inscríbete!**



“Aprendizaxe-Servizo do Curso de Experto en Sostibilidade e Innovación Social (CESIS) da Cátedra Inditex-UDC de Sostibilidade en colaboración con FADEMGA Plena inclusión Galicia”

CONTEXTO DA XORNADA

Esta xornada ten como obxectivo achegar ás entidades unha ferramenta práctica para avaliar, de maneira sinxela e rigorosa, o impacto ambiental derivado da súa actividade diaria. A través dela, poderán identificar os ámbitos nos que existen maiores oportunidades de mellora e avanzar na toma de decisións máis sostibiles.

A ferramenta incorpora, ademais, un catálogo de boas prácticas adaptadas á realidade das entidades do terceiro sector, facilitando a definición de accións concretas en función dos resultados obtidos. Estas medidas poden estar relacionadas co aforro enerxético, a redución de residuos, a mobilidade sostible ou o consumo responsable de recursos, entre outros aspectos clave.

A participación nesta xornada permitirá ás entidades avanzar cara a unha xestión máis sostible, eficiente e comprometida co seu contorno. Ao mesmo tempo, contribuirá a reforzar o seu compromiso social e ambiental, mellorar a súa imaxe ante persoas usuarias, familias, administracións e entidades financiadoras, e aliñarse cos principios de sustentabilidade e responsabilidade social, cada vez máis relevantes no terceiro sector.

Agardámosvos o martes 21 de xullo de 2026, de 12:00 a 14:00 horas, na sede de FADEMGa Plena inclusión Galicia.



CONTIDOS

- Explicación do proceso de traballo seguido para o deseño e configuración do instrumento de medición do impacto ambiental, así como do catálogo de accións e boas prácticas asociadas.
- Funcionamento da ferramenta e uso práctico por parte das entidades.
- Valor engadido para as organizacións que implementan medidas orientadas á redución do seu impacto ambiental.
- Espazo para dúbidas, consultas e achegas.

PERSOAS RELATORAS

- **Alejandro Fernández**, experto en Sostibilidade e Innovación Social, título promovido pola Cátedra Inditex-UDC de Sostibilidade e o Consello Social da Universidade da Coruña.
- **Sara García**, experta en Sostibilidade e Innovación Social, título promovido pola Cátedra Inditex-UDC de Sostibilidade e o Consello Social da Universidade da Coruña.
- **Sara González**, experta en Sostibilidade e Innovación Social, título promovido pola Cátedra Inditex-UDC de Sostibilidade e o Consello Social da Universidade da Coruña.

PERSOAS DESTINATARIAS, PRAZAS E INSCRICIÓN

- Esta xornada está dirixida a persoal de entidades do terceiro sector con competencias ou interese en sostibilidade ambiental, eficiencia no uso dos recursos e mellora do desempeño ambiental da organización.
- Contamos con 80 prazas dispoñibles, que se cubrirán por orde de inscrición, procurando favorecer a participación do maior número posible de organizacións.
- A inscrición deberá realizarse **antes do 16/07/2026**, cubrindo [este formulario](#).

